

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE VEDRA NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE VEDRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 11/02/2025 co Concello de Vedra o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura ata o 29 de decembro de 2025.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vedra para o financiamento das obras de reforma do centro de saúde de Vedra, propiedade do concello.*

Segundo se detalla no informe achegado pola Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, as obras de reforma consistirán en:

- *Habilitar unha Sala de Urgencias.*
- *Unificar na medida do posible o tamaño das consultas, redistribuíndoas (isto pode afectar ás dimensións da carpintería exterior actual. Plantéxase adaptalas e abrir os ocos necesarios na fachada.*
- *Comunicar entre si as consultas.*
- *Habilitar aseos accesibles para público*
- *Substitución de cuberta e lucernario*
- *Renovación de carpintería exterior.*
- *Renovación de aseos de persoal.*
- *Modificación de las areas de apoio e zona de mostrador de atención administrativa.*
- *Renovación de pavimentos e acabados do centro.*
- *Modificación de rampla de acceso en cumprimento da Normativa de accesibilidade, e eparación de escaleira do edificio e de soportal de acceso."*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

"A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello, faise necesario acometer unha serie de obras de reforma no centro de saúde de Vedra.

Tal e como se pon de manifesto no informe achegado pola Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, o centro de saúde de Vedra require dunha serie de actuacións para o acondicionamento e mellora das súas instalacións que se foron deteriorando co paso do tempo.

O Servizo Galego de Saúde considera que o concello é a entidade idónea para a percepción desta axuda de carácter singular e excepcional por razóns de interese público, non sendo posible promover a concorrência pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica en dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello.”

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

